

ENREDARTE

DIALOGOS NA REDE

BASES DA CONVOCATORIA

“Diálogos na Rede” é un proxecto incluído dentro da iniciativa *ENREDARTE*, da Rede Museística da Deputación de Lugo, co que se pretende establecer un diálogo entre os artistas e as pezas ou coleccións dos catro museos que conforman a Rede Museística (Museo Provincial de Lugo, Museo Provincial do Mar, Pazo de Tor e Museo Etnográfico de San Paio de Narla). Esta iniciativa, á que pode concorrer calquera autor/a, en calquera disciplina artística, estará activa entre o 1 de xuño e o 31 de decembro de 2013.

O artista seleccionado recibirá unha axuda económica para a súa produción artística, cunha cifra que estará en función do proxecto, pero cun importe mínimo de 300 euros.

1.- CARÁCTERÍSTICAS DO PROXECTO ARTÍSTICO:

- Cada artista ou colectivo artístico elaborará un proxecto inspirado nunha peza ou colección concreta dalgún dos catro museos da Rede Museística Provincial, que deberá adecuarse ós espazos expositivos.
- O proxecto deberá ser inédito
- Un xurado especializado seleccionará, entre os proxectos presentados, dous artistas para intervir en cada un dos museos.

DOCUMENTACIÓN DO ARTISTA:

- Breve CV do artista ou grupo de artistas integrantes do proxecto
- Indicar número de teléfono de contacto, enderezo postal e e-mail

DOSSIER DO PROXECTO:

- Título do proxecto
- Xustificación do proxecto expositivo: argumento e discurso
- Deseño expositivo (anteprojecto), adaptado ó espazo seleccionado
- Listado de pezas/instalacións que compoñen a exposición, con foto ou esbozo e descrición; así como as necesidades específicas para a exhibición.

2.- O ARTISTA OU RESPONSABLE DO PROXECTO SELECCIONADO DEBERÁ:

- Axustarse ás datas escollidas pola organización (Rede Museística da Deputación de Lugo).
- Facer un seguimento do proxecto
- Cumprir coa entrega de material e información para a divulgación dos seus traballos: elaboración de textos para folletos, carteis, etc.
- Ter a obra no espazo sinalado, unha semana antes da inauguración, en perfectas condicións para a súa exhibición.
- Facerse cargo da montaxe, desmontaxe e transporte
- Unha vez rematada a exposición da obra, o artista comprométese a retirala dentro da semana seguinte á data da clausura.

- Participar activamente nos diversos actos públicos vinculados ó proxecto e actividades paralelas á exposición.

3.- SOLICITUDE:

Os participantes deberán enviar a proposta do proxecto, en formato dixital, xunto co resto da documentación requirida, antes das 14.00 horas do 30 de maio, a: xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org

4.- DOCUMENTACIÓN:

- Dossier de obra recente (máximo 10 pág.)
- CV artístico (máximo 2 pág.)
- Fotocopia do DNI
- Indicar número de teléfono de contacto, enderezo postal e e-mail
- Solicitude, debidamente cuberta, cunha breve proposta da obra para realizar

5.- RESOLUCIÓN:

A resolución coa relación dos artistas e dos proxectos seleccionados farase pública, antes do 10 de xuño, na páxina web do Museo Provincial de Lugo (<http://www.museolugo.org>) e no blog do Proxecto Enredarte (<http://enredarteredemuseistica.wordpress.com/>). Os artistas seleccionados seralles notificada a dita resolución por teléfono e/ou correo electrónico.

6.- EXPOSICIÓN:

O proxecto desenvolverase entre o 1 de xullo e o 31 de agosto de 2013

7.- DEREITOS E DEBERES:

A Rede Museística da Deputación de Lugo non se fai responsable:

- dos gastos de materiais, medios e ferramentas necesarios para realizar as obras polas cales os artistas foron seleccionados; así como tampouco dos gastos da montaxe, desmontaxe e transporte das citadas obras.
- dos gastos de aloxamento e manutención dos artistas participantes, así como tampouco dos traslados destes.
- dos danos ou faltas que poidan xurdir nas obras e nos medios e materiais utilizados polos artistas durante o proceso de traballo.

A Rede Museística da Deputación de Lugo:

- poñerá á disposición do artista os planos ou parámetros técnicos dos ditos espazos, que poderán visitar, aviso previo, se o considerasen necesario.
- comprométese á elaboración do correspondente catálogo do proxecto escollido

8.- XURADO:

- O xurado estará formado por expertos do mundo da arte e membros da Rede Museística Provincial.
- O xurado valorará a calidade e a orixinalidade dos proxectos, o desenvolvemento do proxecto expositivo e a súa adecuación ós obxectivos definidos nesta convocatoria.

9.- DEREITOS SOBRE A OBRA:

A organización reserva para si todos os dereitos sobre o proxecto seleccionado

10.- ACEPTACIÓN RESPONSABLE:

A persoa que solicita a participación nesta convocatoria deberá declarar que os datos que achega son veraces e que acepta todos os puntos presentes nesta, comprometéndose a levar a cabo os ditos puntos e respectar os prazos estipulados.

Para calquera información adicional, pode deixar as súas consultas no e-mail xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org ou no tfno. 982 242 112.

11.- RENUNCIA:

A participación nesta convocatoria de “Diálogos na Rede” supón a aceptación das presentes bases, as resolucións que o xurado e a organización consideren oportunas e a renuncia a calquera tipo de reclamación.

